



***RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat -Bachibac- nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/2022.***

O 10 de xaneiro de 2008, os Gobernos de España e Francia asinan o Acordo relativo á dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, co obxectivo de desenvolver o contido do Acordo Marco asinado o 16 de maio de 2005, relativo a programas educativos, lingüísticos e culturais en centros escolares de ambos os dous estados, unha iniciativa que responde ao dobre propósito de reforzar a ensinanza da lingua e da literatura do outro país e de contribuír á cooperación e á integración europeas.

Para o seu desenvolvemento, ditouse o Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, que regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois.

Así mesmo, a Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, modificada pola Orde ECD/1961/2015, do 24 de setembro, regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención.

O Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia regula, no seu capítulo IV, a impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s).

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Co obxecto de continuar coas accións de mellora enmarcadas na nova liña de actuación para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que supón un paso máis tras *EDUlingüe2020*, e, tendo en conta os beneficiosos resultados obtidos coa implantación do programa *Bachibac* na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a vontade de seguir promovendo a cooperación en materia educativa con Francia, procede ditar instrucións para a regulación da impartición e incorporación de novos centros ao programa *Bachibac* en Galicia no curso 2021-2022.





Polo anteriormente exposto, de conformidade coas competencias atribuídas e no uso das atribucións que lle confire o DECRETO 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, esta Secretaría xeral

## RESOLVE

### **Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

A presente resolución ten por obxecto regular a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat -Bachibac-* nos centros educativos sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 que sexan seleccionados para impartir o Programa ou estean desenvolvendo o mesmo.

### **Segunda.- Currículo mixto do programa Bachibac.**

O currículo mixto do Programa estará integrado por:

1. Os contidos fixados no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os contidos das materias específicas do currículo mixto están establecidos no anexo I da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, modificada pola Orde ECD/1961/2015, do 24 de setembro, e deberán integrar os aspectos básicos do Bacharelato español e os contidos e métodos pedagóxicos propios do sistema educativo francés.
3. As materias específicas do currículo mixto son: Lingua e Literatura Francesas, que poderá ser cursada como primeira ou segunda lingua estranxeira, e Historia de Francia, que se integrará na parte correspondente á materia de Historia de España.
4. As materias específicas do currículo mixto deberán ser impartidas integramente en francés e serán obxecto dunha proba externa que o alumnado deberá realizar para a obtención do título de *Baccalauréat*, de acordo co artigo 4.1 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro.
5. Co fin de acadar a proporción horaria estipulada no artigo 2.2. do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional e, tendo en conta o profesorado habilitado ao efecto, poderá autorizar aos centros a





impartición en lingua francesa doutras materias non lingüísticas, sen modificación dos seus currículos, que non serán obxecto da proba externa. Neste caso, procurarase que o alumnado adquiera a terminoloxía básica das materias en ambas as dúas linguas ao longo dos dous cursos.

### **Terceira.- *Asignación horaria.***

1. O alumnado acollido a este programa deberá recibir, polo menos, un terzo do horario lectivo en lingua francesa no conxunto do Bacharelato co fin de acadar o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) de acordo co establecido no artigo 2.2 do Real Decreto 102/2010 de 5 de febreiro.

2. A tal fin, poderanse impartir materias non lingüísticas en francés. Unicamente o horario asignado á materia de Lingua e Literatura francesas e á de Historia de España e de Francia incrementarase, cando menos, unha hora lectiva á semana coa fin de acadar os obxectivos deste currículo mixto. En calquera caso, a distribución horaria respectará o marco normativo establecido no artigo 21 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Cuarta.- *Acceso do alumnado ao programa Bachibac.***

Segundo o que establece o artigo 4.3 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, poderán ser admitidos neste programa os alumnos e alumnas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

-Ter cursado unha sección bilingüe hispano-francesa na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

-Ter realizado toda ou parte da dita escolaridade no sistema educativo dun país de lingua francesa.

-Poder acreditar un nivel equivalente ao B1 do MCERL no uso da lingua francesa ao comezo da etapa de Bacharelato.

### **Quinta.- *Ratio de alumnado participante no Programa.***

1. Con carácter xeral, para poder impartir o Programa requirirase un mínimo de dez alumnos/as.

2. Excepcionalmente, en atención a circunstancias obxectivamente fundamentadas e previo informe da inspección educativa, poderá autorizarse o seu funcionamento cun número inferior de alumnado que, en ningún caso, será inferior a cinco.





3. O desenvolvemento deste programa non suporá, de ningún modo, incremento do número de profesorado do centro.

#### **Sexta.- Finalización voluntaria da participación do alumnado no Programa.**

Os alumnos e alumnas matriculados no programa *Bachibac* poderán deixar de cursar as ensinanzas correspondentes a este programa sempre que eles mesmos ou os seus pais ou titores, nos casos de menores de idade, o soliciten por escrito á persoa directora do centro docente antes do quince de outubro do de 2021. Esta solicitude asinada polo alumno ou alumna e polos seus pais ou titores, nos casos de menores de idade, irá acompañada dunha motivación razoada da mesma, debendo ser debidamente xustificada ante a dirección do centro. En ningún caso se admitirá ningunha solicitude de renuncia posterior a esta data.

#### **Sétima.- Profesorado.**

De acordo coa disposición adicional quinta do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, de 2008, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e as Ensinanzas de Réxime Especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria, o profesorado que imparta en francés as materias non lingüísticas do currículo mixto debe acreditar, alomenos o nivel B2 en lingua francesa do MCERL.

#### **Oitava.- Coordinación do Programa.**

1. A persoa directora do centro educativo nomeará a unha persoa responsable da coordinación do programa *Bachibac* por un período dun curso académico. A persoa coordinadora pertencerá ao departamento de Lingua Francesa e deberá impartir docencia no Programa.

2. As funcións da persoa coordinadora son as seguintes:

- a) Colaborar co equipo directivo no desenvolvemento do programa *Bachibac*.
- b) Coordinar o equipo de profesores que imparta docencia no Programa.
- c) Asesorar na elaboración das programacións didácticas das materias impartidas no Programa.
- d) Coordinar, de ser o caso, o labor da persoa auxiliar de conversa.
- e) Elaborar, xunto co profesorado participante no programa, unha memoria avaliativa analizando os resultados obtidos.





- f) Todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do Programa.

3. A persoa coordinadora do programa contará coa redución dunha hora no seu horario lectivo. En ningún caso esta redución suporá un aumento no cadro de persoal do centro.

#### **Novena.- *Certificación de participación do profesorado.***

Ao remate de cada curso escolar, o profesorado que imparta docencia no programa *Bachibac* nas materias de Lingua e Literatura francesas e Historia de Francia recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado. De existir outro profesorado que imparta algunha outra materia en linguas francesa diferente ás citadas recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado.

#### **Décima.- *Proba externa.***

1. Ao final do segundo curso de Bacharelato e, tal como establece o artigo 7 do Real Decreto 102/2010, de 5 de febreiro, o alumnado que desexa obter a dobre titulación realizará unha proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto correspondentes ao devandito curso.

2. Os exames das materias específicas do currículo mixto realizaranse integramente en lingua francesa, poderán ser escritos ou orais e serán avaliados por examinadores españois e/ou franceses.

#### **Décimo primeira.- *Título de Baccalauréat e documentos de avaliación.***

1. O alumnado matriculado no programa de dobre titulación *Bachibac* que reúna as condicións para a obtención do título de Bacharelato e supere a proba externa específica do programa de dobre titulación obterá o título de *Baccalauréat* outorgado polo Ministerio de Educación Nacional francés.

2. A dobre titulación outorgaralle, ao alumnado que a obteña, o dereito a acceder ao ensino superior español e ao ensino superior francés de conformidade co establecido no artigo 1 do Acordo de dobre titulación.

3. De acordo co establecido no artigo 10 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, a Administración educativa asegurará que tanto no expediente académico como no





historial académico de Bacharelato do alumnado se recolla, mediante dilixencia, segundo o modelo incluído no anexo IV da presente resolución, que o alumnado superou as ensinanzas do currículo mixto e acadou o nivel B2 en lingua francesa no MCERL.

4. Así mesmo, nas actas de avaliación de Bacharelato farase constar, no seu caso, a referencia expresa ao Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, que regula as ensinanzas do currículo integrado.

#### **Décimo segunda.- *Proceso de solicitude e documentación requirida***

1. Os centros docentes que desexen impartir o programa *Bachibac* deberán formular a súa solicitude ante a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional conforme o modelo que figura como Anexo I da presente resolución.

2. Ao Anexo I de solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Certificado expedido polo secretario ou secretaria do centro co visto e prace da persoa directora no que se fagan constar os datos do profesorado que impartirá o programa e a súa condición de profesorado con destino definitivo no centro -contrato de traballo no caso de centros concertados- así como indicación da materia que imparten.

b) Copia da acta de aprobación do proxecto polo Consello Escolar, unha vez oído o Claustro.

c) Acreditación do nivel de competencia en lingua francesa correspondente -conforme o estipulado na cláusula sétima da presente resolución- do profesorado que imparta a/s materia/s non lingüística/s do currículo mixto-.

d) Compromiso do profesorado participante no Programa de formar parte do mesmo por un mínimo de dous anos.

e) Acta de reunión coa conformidade dos departamentos didácticos que impartan as materias específicas do currículo mixto.

f) Número previsto de alumnado participante;

g) proxecto no que se farán constar os seguintes apartados:

- obxectivos que se pretenden acadar coa impartición do programa *Bachibac*;
- actuacións previstas para a consecución dos obxectivos previstos;
- recursos humanos e materiais dos que se dispón para impartir o Programa;





- configuración e perfil do equipo docente implicado no Programa indicando a súa formación e relación previa en relación coa ensinanza bilingüe;
- participación do centro en programas educativos europeos ou internacionais;
- participación do centro en programas relacionados coa Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras *EDUlingüe 2020*;
- participación nas probas do *DELF Escolar*;
- plan para realizar o seguimento e a avaliación do Programa;
- actuacións previstas para a difusión do programa *Bachibac* a toda a comunidade educativa.

3. A solicitude e a documentación requirida dirixiranse á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación *Bachibac*, xunto co Anexo I de solicitude e toda a documentación requirida. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

#### **Décimo terceira.- Duración do programa.**

1. O centro e o profesorado que imparta o programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat -Bachibac-* deberá comprometerse a impartilo durante dous cursos académicos como mínimo desde o momento da súa autorización, así como garantir que o alumnado que inicie a súa participación no Programa o poda completar.
2. O Programa comezará no primeiro curso de Bacharelato e irá desenvolvéndose progresivamente ata completar a etapa.

#### **Décimo cuarta.- Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. Se o último día de prazo fora inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.





### **Décimo quinta.- Comisión de selección e criterios de valoración.**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade realizará a selección dos proxectos mediante unha comisión de selección que estará formada por:

Presidencia: persoa titular da Subdirección xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- persoa titular da Subdirección xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.
- persoa titular do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos.
- dúas persoas asesoras da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, unha delas realizará as funcións de secretaría.

2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando a viabilidade do proxecto e a documentación que se achega de acordo co previsto na cláusula décimo segunda desta resolución.

3. A inspección educativa emitirá informe motivado, preceptivo e non vinculante para a comisión, favorable ou desfavorable á solicitude, considerando as variables sobre a viabilidade do proxecto en relación cos obxectivos do mesmo e o grao de implicación do equipo directivo e de compromiso do profesorado participante, a proposta organizativa e a sustentabilidade do proxecto.

### **Décimo sexta.- Resolución.**

1. Valoradas as solicitudes, a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional publicará no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal> a proposta de resolución provisional. Abrirase un prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

2. Transcorrido o prazo de reclamacións, a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional fará pública no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal> a listaxe definitiva de centros autorizados para a incorporación do programa *Bachibac*. Así mesmo, a resolución definitiva publicarase no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal> e no Diario Oficial de Galicia.







3. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de tres meses desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo sétima.- Seguimento e avaliación do programa.**

1. A Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional levará a cabo o seguimento e posterior avaliación do Programa co fin de analizar o seu desenvolvemento, a calidade do mesmo e os resultados obtidos.

2. Ao final de cada curso, a persoa coordinadora do programa *Bachibac*, xunto co profesorado que impartise as materias específicas así como as materias non lingüísticas do Programa, deberá elaborar unha memoria que trasladará á dirección do centro para o seu visto e prace e que será incorporada á Memoria Anual do centro. A dita memoria será remitida pola dirección do centro á correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que a tramitará á Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional acompañada dun informe da inspección educativa antes do 30 de xuño de 2022.

3. En virtude do establecido no artigo 5 do Acordo relativo á dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, do 10 de xaneiro de 2008, as inspeccións educativas francesa e española poderán supervisar o funcionamento deste Programa no centro educativo no que estea implantado.

#### **Décimo oitava.- Datos de carácter persoal.**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade,





coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo novena.- *Entrada en vigor.***

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

